



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19 de febreiro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19 de febreiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12/02/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/682

Vista a Proposta da Recadación Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro de tres cadeiras modelo FOX e dous repousapés para o Departamento da Recadación Municipal, por un importe total de 980,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/691

Dáse conta de proposta do Encargado de Obras en relación coa necesidade de adquirir roupa de traballo para o persoal contratado con cargo ao Plan Concellos 2018 (liña 3) da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.** para o subministro de roupa de traballo para un total de 31 persoas asignadas a diversos servizos municipais, por un importe total de 3.184,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/692



Vista a proposta do Encargado do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Digamel Arousa, SLU** para o subministro de tres emisores térmicos (1 DGP-E LC de 1200 e 2 de 1000) para o piso de acollida do Concello, por un importe total de 555,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/694

Dáse conta de acordo da Mesa da Cámara do Senado, no que admiten a trámite a solicitude de Carles Mulet García (Compromís) de remisión por parte do Concello das actas ou expedientes nos que se acorda dar cumprimento á Lei de Memoria Histórica e proceder á retirada de símbolos franquistas existentes na Igrexa do Municipio.

A Xunta de Goberno Local acorda remitirille o acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2004, seguinte:

“Dáse conta da Resolución remitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo de data 17 de xuño de 2004, pola que se autoriza a retirada das laudas e a cruz existentes na fachada principal da Igrexa de Santa Olaia de Arealonga, na Pza. de España, devolvendo ó seu estado orixinal a fachada da citada Igrexa, poidéndose colocar dito monumento, se se considera oportuno, noutro lugar independente da igrexa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora. (10214/04)”

PRP2018/695

Vista a solicitude de Dona Africa Vela Sauco e/n da **Asociación Unión de Minusválidos Reunidos ASMIRE**, presentada coa data de 6 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlles o ofrecemento aos peóns (sen instalación de posto ou tenderete) de axendas con horóscopo, co fin de recadar fondos para o cumprimento dos fins da asociación.

PRP2018/696

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Iria Rey Viqueira**, solicitando autorización para realizar un Flashmob na Praza de Galicia o día 29 de abril de 2018, ás 13:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización na Praza de Galicia, na zona máis próxima á Rúa Castelao, dado que a Praza se atopa en obras, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/697



Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta**, solicitando autorización para realizar unha chocolatada e un pequeno concerto na Rúa Castelao, o día 16 de febreiro, ás 20:00 horas.

Dáse conta do informe da Policía Local.

Dáse conta de que a citada actividade foi suspendida.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/698

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sketch System-Digipress** para o subministro de materiais para o plóter, por un importe total de 2.527,35 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/699

Visto o informe da Policía Local en relación con queixas veciñais sobre situacións perigosas na Rúa Souto, debido a estacionamentos indebidos nas interseccións sen sinalizar, e proponendo a adopción dunha serie de medidas para garantir a seguridade.

A Xunta de Goberno Local acorda a adopción das seguintes medidas:

- Intersección da Rúa Asuín coa Rúa do Souto: poñer sinalización vertical e horizontal de Stop e división de carrís á altura da confluencia das Rúas do Souto coa Rúa dos Pasos, poñendo STOP para os que saen desta., prohibindo e estacionamento nas dúas marxes mediante o pintado de liña amarela.

- Na Rúa do Souto (á altura do n 35) sinalizar mediante liña amarela co fin de que estacionen na marxe contraria.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

PRP2018/700

Dáse conta de resume estatístico de denuncias tramitadas polo Servizo da Policía Local durante o ano 2017, con expresión dos conceptos máis habituais e as remitidas á Xefatura Provincial de Tráfico, por ser da súa competencia:

Total denuncias: 7.784.

Pagadas no 2017: 5.417

Importe cobrado: 227.485 €

Enviadas ao ORAL para cobro por executiva: 1.752

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/701

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laboras, a Xunta de Goberno Local acorda o nomeamento de Dona María Dolores Barreiro Xumay, Encargada do Servizo de Parques e Xardíns, como técnica representante do Concello no Xurado do LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que se vai a celebrar os días 10 e 11 de marzo en Vilagarcía de Arousa.



Emprego

PRP2018/726

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Bañosprint, S.L.** para o subministro de 500 unidades de folletos informativos para a divulgación da Programación formativa dos cursos de Inclusión e Capacitación dixital 2018 para a aula CEMIT no Centro de Formación de Matosinhos, por un importe total de 320,65 € (IVE incluído) con cargo á partida 341.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/732

Dáse conta de escrito da **Deputación de Pontevedra**, comunicando a posta en marcha dun Plan de práctica laboral nos Concellos da Provincia de Pontevedra para o ano 2018, dirixido a titulados universitarios e de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito da súa formación.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a subvención para prácticas laborais de 4 bolseiros, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ao mercado de traballo, para as seguintes áreas e nas titulacións que se indican:

AREA	TITULACIÓN
SERVIZOS SOCIAIS	1 Diplomado/a Grao Traballador/a Social
EDUCACION	1 Diplomado/a Grao Maxisterio
DEPORTES	1 Licenciado/a Grao en INEF
EMPREGO	1 Ciclo Sup. Administración de sistemas informáticos en rede.

Así mesmo acórdase designar o seguinte persoal técnico do Concello, que actuará como persoas titoras dos bolseiros e que se encargarán da formación práctica e da supervisión e apoio técnico de estes, así como da distribución e avaliación das tarefas que se lles encomenden:

- Iria Cama Rey titora Diplomado/a Grao Traballo Social
- Javier Villaronga García titor Diplomado/a Grao Maxisterio
- Juan Miguel Doval Blanco titor licenciado/a Grao INEF
- M^a Jesus Fole-Gomez Ricoy titora Ciclo Sup. Administración de sistemas.

PRP2018/734

Dáse conta do escrito remitido polo Servizo de Orientación Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 31 de xaneiro de 2018, no que se autoriza a este Concello para o mantemento provisional do Servizo de orientación laboral subvencionado ao abeiro da Orde de 8 de marzo de 2017, nos termos nos que se atopaba autorizado e ate a data de resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2018/736

Vista a proposta da Concellería de Emprego, acórdase solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde do 19 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral no exercicio 2018.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/715

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a saída didáctica do alumnado do Conservatorio ao Museo da Gaita de fol en Barbadás e Museo da Cornamusa en Ourense, organizada polo profesor de gaita D. Jorge Fernández, e que terá lugar o día 14 de abril de 2018, correndo por conta dos/as alumnos/as asistentes os gastos, que se estiman en 16 € por alumno/a.

PRP2018/716

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o Conservatorio Profesional de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP nº 2 do 3 de xaneiro de 2018) enmarcado na Base Oitava, Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes; gasto corrente novo para “Gastos de limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música”, por un importe de 18.181,00 €

Sanidade

PRP2018/720

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **A&B Laboratorios de Biotecnología S.A.U.**, para o subministro de materiais para os Cemiterios Municipais de Carril e Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 264,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2018/722

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Elena Taibo Silva** solicitando autorización para instalar un posto de churros no mercadillo semanal de Vilagarcía de Arousa, que se celebra os martes e sábados.

Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe dispoñibilidade de postos libres para a actividade de churrería, existindo na actualidade dúas no mercadillo e unha na Praza de Abastos, dado que son postos situados nunha zona determinada, debido ás súas características, ao igual que a venda de produtos de alimentación.



ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2018/737

Dáse conta de Resolución da Axencia Turismo de Galicia, do 2 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

· Solicitar subvención para a contratación dunha persoa, do 15 de xuño ata o 15 de setembro, co seguinte custe económico:

Salario base	Complemento	Rateo paga extra	Indemnización por cese	Total retribucións	Base cotización	Seg.social empresa	Custe total	Custe total meses
734,50	242,40	146,21	35,28	1.158,39	1.123,11	360,52	1.518,91	4.556,73

Esas retribucións son as que figuran no acordo do Pleno de aprobación do Presuposto e Anexo de Persoal/postos de traballo, publicado no BOP nº 69, de 7 de abril de 2017, incrementadas no 1% cumprindo a Lei de Presupostos do Estado.

A persoa seleccionada deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: Técnico superior de información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; Técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

PRP2018/739

Dáse conta da resolución do 4 de xaneiro de 2018 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Visto o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xuño de 2014 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico de Galicia á "Festa da Ameixa de Carril". A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude dunha subvención por importe de 4.500,00 €. Desta cantidade 3.000,00€ euros solicítanse para a compra de ameixa que vai ser servida na festa da ameixa de Carril de 2018.

Así mesmo acórdase aceptar a contribución de Abanca, de conformidade co Convenio asinado coa Axencia Turismo de Galicia para o apoio e a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na comunidade Autónoma de Galicia, achegando Abanca para a publicidade e promoción desta festa un importe de 1.500,00 €, resultando unha subvención total solicitada de 4.500 €

PRP2018/740

Dáse conta de informe do responsable de Obras en relación coa distribución de alfombras vermellas para a campaña de dinamización do Comercio Local, no que se indica que foron distribuídas un total de 176 alfombras vermellas, quedando un remanente de 124 que foron recollidas polos operarios do Servizo Municipal de Obras no establecemento adjudicatario, estando depositadas no almacén do Servizo Municipal de Obras aos efectos da súa reutilización posterior.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



Medio Ambiente

PRP2018/741

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total aproximado de 422,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/742

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio e mantemento do CIM, ao abeiro da resolución de data 29 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude da citada subvención para Liña 1 Programa de apoio e mantemento do CIM: Programa de apoio aos postos de dirección apoio psicolóxico, asesoramento xurídico e axente de igualdade por importe total de 49.779,09 € para o período 01/04/2018 a 31/03/2019.
- Designar a Dona Julia Barbosa Sánchez, que ocupa o posto de Directora do CIM para tarefas de coordinación e comunicación co SXI.
- Financiamento con cargo ós orzamentos desta entidade do custo das acción obxecto da axuda que non resulte financiado polo SGI.
- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/743

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de marzo de 2017, aprobouse a memoria valorada denominada “Instalación de ascensor no edificio do centro de emerxencias”, redactado polo enxeñeiro técnico don Joaquín Lustres Carregal.

Tramitada a licitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
Ascensores ENOR, S.L.	27.999,00€
Denuovo Punto Creativo, S.L.	20.454,75€

O órgano de contratación con data 6 de febreiro de 2018 acordou excluír ao licitador Ascensores ENOR, S.L., debido a que a súa oferta económica supera na cantidade de 5.878,80€ o presuposto de licitación.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato denominado “Instalación de ascensor no edificio do centro de emerxencias”, a DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. (B70181680), por un importe (IVE excluído) de 20.454,75€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.295,50€, o que totaliza un importe de adxudicación de 24.750,25€ (IVE engadido).
2. Nomear director de obra ao arquitecto técnico don Joaquín Lustres Carregal.



PRP2018/744

Dáse conta do informe emitido con data 14 de febreiro de 2018, polo Arquitecto Iago Fernández Puentes, Director das obras de “Urbanización e remodelación do entorno da Praza de España 1ª Fase” en relación coas alegacións presentadas os días 25 de outubro e 7 de novembro de 2017, pola empresa que levou a cabo a execución das obras citadas (Stradia Infraestruturas, S.L.), tendo en conta o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebra o día 25 de setembro de 2017, visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de maio de 2017, acordou comunicar á empresa Stradia Infraestruturas, S.L. que levaríase a cabo polo Concello ou empresa externa a execución dos traballos de mantemento das zonas axardinadas da Praza de España por importe de 10.607,43€, con cargo a fianza depositada. Concedendo así mesmo á empresa un prazo de 15 días para que se formularan as alegacións que estimasen oportunas.

Vistos os antecedentes, as alegacións presentadas pola empresa e o informe técnico citado, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1) Desestimar as alegacións presentadas pola empresa Stradia Infraestruturas, S.L. en base ao devandito informe técnico no que se conclúe entre outras cuestións, que a empresa non ven realizando as tarefas de mantemento ás que se comprometera no contrato de obras.
- 2) Non proceder á devolución do aval bancario constituído pola empresa para cubrir a garantía da obra por importe de 10.111,98€ polos motivos expostos.
- 3) Encomendar á empresa externa os traballos precisos para a reparación das zonas axardinadas da Praza de España e que ascenden a 8.666,25€ que serán executadas e abonadas con cargo á fianza de 10.111,98€.
- 4) Dar conta á Tesourería para que proceda á execución do aval citado.

PRP2018/765

Dáse conta da Memoria para a elaboración do Plan de Xestión para o proxecto “Son do Mar”, ao abeiro da Orde da Consellería do Mar, de 24 de maio de 2016, no cal interveñen o Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Cambados, Concello de Sanxenxo e Concello de Cangas, cun orzamento de 57.399,38 €, por cada unha das entidades participantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda nomear como representante aos efectos da subvención solicitada para o proxecto conxunto “Son do Mar” ao Concello de Vilagarcía de Arousa, representada polo Alcalde D. Alberto Varela Paz.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.